

MISA CON NENOS

29 de xaneiro 2017

ORDINARIO 4º-A



Mateu 4, 12-17: “Ditosos, benaventurados, felices”.

Mensaxe: Benaventuranzas: o camiño novo para ser ~~in~~-feliz, ~~im~~-posible

1. ACOLLIDA

Irmáns e irmás:

Cada domingo reunímonos como unha familia, para celebrar a Eucaristía e enriquecer a nosa vida ao escoitar a Xesús e alimentarnos do seu **Pan**. Hoxe proponnos as benaventuranzas como o camiño para conseguir a verdadeira felicidade: **é dicir**, compartir **cos pobres**, ser compasivos e limpos de corazón, construír a xustiza e a paz... Os que así viven serán ditosos e terán a súa recompensa en Deus. **Conscientes da gozada que é poder celebrar a nosa fe, comezamos a Eucaristía.**

(Pódense colocar nun sitio visible o debuxo de arriba coa frase “Con Xesús nada é IN-“ ou outro que poña: “A felicidade con Xesús é o mundo ao revés”).

No nome do Pai... Deus que, en Xesús, nos ensinou o camiño da felicidade, sexa convosco..

2. PERDÓN

Arrepentímonos das veces que buscamos a felicidade por camiños equivocados, e pedimos perdón.

- Ti, Xesús, que queres que sexamos felices facendo felices aos outros. **Señor, ten piedade.**
- Ti, Xesús, que nos invitas a ser humildes, sinxelos, poñernos á altura dos demais. **Cristo, ten piedade.**
- Ti, Xesús, que nos animas a ter un corazón limpo, transparente e compasivo. **Señor, ten piedade.**

3. PALABRA DE DEUS

O profeta Sofonías expresa a chamada de Deus a buscar a humildade e a xustiza; san Paulo dinos que os primeiros cristiáns eran sinxelos e pobres e, finalmente no evanxeo, escoitemos con atención como Xesús nos dá unhas pistas para ser felices sen equivocarnos: vivindo as benaventuranzas, é dicir, facendo felices os demais.

4. PETICIÓNS:

Permítenos, Deus Pai, que hoxe che dirixamos unha oración moi especial, alegrándonos coas benaventuranzas que nos comunicou o teu Fillo Xesús. Respondemos:

-Ti es a nosa alegría e a nosa forza.

- 1.- Pola Igrexa para que sexa a Igrexa de e para os pobres. **Oremos.**
- 2.- Polos que buscan ser ricos de corazón, ricos ante Deus. **Oremos.**
- 3.- Polos que queremos ser felices e buscámolo por camiños equivocados. **Oremos.**
- 4.- Polos pobres, polos que viven sen recursos ou o pasan mal. **Oremos.**
- 5.- Polas xentes de paz, os bondadosos, os que se xogan a vida polo ben dos outros. **Oremos.**
- 6.- Polas persoas que ten sempre unha palabra de consolo e de ánimo para todos. **Oremos.**

Axúdanos, Pai, hoxe e sempre, a seguir o Camiño do teu Fillo. E dános a alegría de ser ti a nosa riqueza. Por XCNS.

5. OFRENDAS

- **8 NENOS CON 8 CORAZÓNS:** *(Poden saír 8 nenos ou mozos con 8 corazóns sorrindo significando e simbolizando as benaventuranzas: bágoas, sufrimento, fame, xustiza, misericordia, limpeza, paz e persecución).* Con estes corazóns (ou carteis) queremos presentar ao Señor o drama do noso mundo. Pero, ademais, queremos comprometer nos ante El porque sabemos que nesas cruces, tamén temos posibilidade de alcanzar e ver a felicidade de servir a Deus e aos demais.

- **BOLSA DE CAMELOS:** Ao presentarche estes caramelos queremos recordar que ser cristián é vivir as benaventuranzas, é dicir, adoza a vida dos demais, facéndoos un pouco máis felices. Dános un corazón bondadoso, compasivo e xusto para poñernos á beira dos irmáns que necesitan algo. *(Ao final da misa repártense entre todos).*
- **PAN E VIÑO:** Co pan e o viño traemos ante o altar o que máis nos fai falta para cumprir as benaventuranzas. Sen a eucaristía, o ser como Xesús nos invita, sería imposible. Que o seu Corpo e o seu Sangue nos dean forza e constancia.

6. VÍDEOS OU PPW PARA ESTE DOMINGO: Ord- 4º A

- Mt. 5,1-12, película: <https://www.youtube.com/watch?v=gx7H1y3Ddj4>
- Benaventuranzas, película: <https://www.youtube.com/watch?v=1bmG9CU3O5Q>
- Benaventuranzas, película: <https://www.youtube.com/watch?v=MYQ7JpZrSGQ&index=152&list=UUQL-txRIGWd2bOyA9B5KNdg>
- As benaventuranzas, debuxos: <https://www.youtube.com/watch?v=QSjfnAyObRY>
- Teatro Mozos/as "As Benaventuranzas": <https://www.youtube.com/watch?v=meSjo4fPiSw>
- As benaventuranzas, canción: <https://www.youtube.com/watch?v=T-DIMhpspSs>
- Mt 5.1-12 As benaventuranzas, enunciado : <https://www.youtube.com/watch?v=WeFZzfCsFw>
- A vida de Xesús 10-Benaventurados vós, debuxos: <https://www.youtube.com/watch?v=NDUeXpUP9Bk>
- As Benaventuranzas e María (Papa Francisco): <https://www.youtube.com/watch?v=lvSe5yuE7R8>

7. PRESENTACIÓN DOS BAUTIZADOS O ANO PASADO A XESÚS E Á VIRXE

Con motivo do día da Presentación do Señor (2 de febreiro) poderíase facer este rito.

(Faise despois da HOMILÍA, ao tempo que se teñen acendidas as velas do Bautismo)

Sacerdote: - *Credes en Deus Pai Todopoderoso, Creador do ceo e da terra?* - Si, CREO.

- *Credes en Xesucristo....?* - Si, CREO. - *Credes no Espírito Santo...?* - Si, CREO.

- *Credes na santa Igrexa católica, a comunión dos santos e a vida eterna?* - Si, CREO.

CONSAGRACIÓN DOS NENOS Á VIRXE

(Faina unha nai, MIRANDO á Virxe, antes da bendición)

María, Nai de Xesús, ofrecémosche os nosos fillos como fillos teus:

Ofrecémosche os seus ollos para que se abran ás marabillas da creación.

Ofrecémosche as súas mans para que aprendan a construír un mundo máis humano.

Ofrecémosche o seu corazón para que amen sen medida.

Ofrecémosche todo o que son e serán para que se namoren do ben e aborrezan o mal.

Nai, aquí os tes: son os teus fillos. En Ti poñemos a nosa confianza.

Gárdaos como posesión túa. Amén.

